



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 21 DE NOVEMBRO DE 2016

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 13:10 horas do día 21 de novembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 17 de novembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidentes: D. David Regades Fernández

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Alberto Escariz Couso (asiste aos puntos 5b, 6b e 7b)
D. José Ángel Otero Lamas (asiste aos puntos 4a e 5a)
D. Óscar Couce Senra (asiste ao punto 4a)
D^a. Luz María González Domínguez (asiste aos puntos 6a e 7a)
D^a. Fátima María Dueñas Corchero (asiste aos puntos 2a e 3a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente, procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta da sesión do 14 de novembro de 2016

Apróbese a acta da sesión do 14 de novembro de 2016 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

b) Acta da sesión do 16 de novembro de 2016

Apróbese a acta da sesión do 16 de novembro de 2016 cos votos de D^a. Susana García Álvarez, D^a. Catalina Alfayate Rodríguez e D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de promoción turística da Cidade de Vigo e das Rías Baixas (6394-104)

A secretaria pon en coñecemento da Mesa o certificado expedido polo Rexistro Xeral na data 21 de novembro de 2016 no que se fai constar que durante o prazo concedido para a presentación de proposicións, que rematou o 18 de novembro, non se presentou ningunha.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:44	Páxina 1 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AH43-E9BA52-2HBH8D-86DQJ8-NUK31X-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Á vista do anterior, a Mesa, por unanimidade, acorda:

- Propoñer á Xunta de Goberno local que declare deserto o procedemento aberto para a contratación de servizos de promoción turística da Cidade de Vigo e das Rías Baixas (6394-104) por non terse presentado ningunha proposición dentro do prazo concedido.

3.- Apertura técnica

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos de promoción turística da Cidade de Vigo e das Rías Baixas (6394-104)

Non se trata este asunto xa que a Mesa acordou no punto 2a propoñer á Xunta de Goberno local que declare deserto este procedemento por non terse presentado ningunha proposición no prazo concedido.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da beirarrúa da avenida de Castela, entre a rúa Redondela e a rúa Porriño (3956-440)

En acto público abriuse o Sobre C “proposición avaliable mediante fórmula” das ofertas presentadas e admitidas co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Incremento garantía
1	CONSTRUCCIONES FECHI, SLU	212.550,00	156
2	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, SA	233.425,00	60
4	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA	210.125,00	76
5	OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS, SA	191.906,00	50
6	ORECO, SA	219.375,00	48
7	OTC FONTEFRIA, SLU	186.703,00	72
8	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SLU	220.324,99	90
9	ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL	237.500,00	50
10	MONTAJES JM IGLESIAS, SL	246.800,00	44
11	ELSAMEX, SA	202.493,50	144
12	COPCISA, SA	224.675,00	15
13	CONSTRUCCIONES VALE, SL	194.875,00	120
14	NAROM, SL	201.425,00	94
16	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, SA	241.239,00	47

Asisten á apertura D. Manuel Alonso Vasconcellos, con DNI 36.162.266-Y, en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:44	Páxina 2 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AH43-E9BA52-2HBH8D-86DQJ8-NUK31X-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

representación da Federación Galega da Construción, D. Yeray Pazos Díaz, con DNI 77.414.299-W, en representación de COPCISA, SA e D. Antonio Soto Augusto, con DNI 36.121.912-K, en representación de CONSTRUCCIONES FECHI, SLU.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

5.- Incidencias

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de accesos e cubrición da piscina da Etea (15188-333) (ofertas con valores anormais ou desproporcionados)

Entrégase o informe do xefe da Área de Investimentos do 17 de novembro de 2016, sobre as ofertas que conteñen baixas anormais ou desproporcionados. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP coas empresas que se relacionan a continuación por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, concedéndolles un prazo de tres días para xustificar as súas ofertas:

1. COPCISA, SA
2. ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES, SL (ACEVI SL)
3. PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, SA

b) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo público do aparcadoiro situado na praza de Portugal (429-449)

Entréganse as seguintes resolucións ditadas polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais en relación con este expediente:

- Nº 789/2016 (recurso nº 722/2016 interposto por INTERPARKING HISPANIA, SA contra o acordo de adxudicación). A resolución desestima o recurso.
- Nº 859/2016 (recurso nº 860/2016 interposto por EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS, SA contra o acordo de adxudicación). A resolución estima o recurso *“debendo anularse a adxudicación realizada e retrotraerse o procedemento para realizar o novo exame e valoración do sobre C”*

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de conservación e reposición das zonas verdes na Cidade de Vigo (7614-446)

Entrégase a resolución ditada polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais nº 813/2006, recurso nº 694/2016 interposto por ALTHENIA, SL contra o acordo de adxudicación do contrato de *“Servizo de mantemento, conservación e reparación de zonas verdes na Cidade de Vigo”*. A resolución desestima o recurso *“confirmando a legalidade do acordo de adxudicación”*.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:44	Páxina 3 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AH43-E9BA52-2HBH8D-86DQJ8-NUK31X-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de deseño e produción de catro carrozas para Cabalgata de Reis 2017 (6632-335)

Entrégase o informe asinado polo técnico de Xestión e a xefa do Servizo de Festas o 16 de novembro de 2016 e a concelleira de Festas e Turismo o 17 de novembro sobre informe de valoración das ofertas reformuladas e proposta de clasificación. A Mesa, por unanimidade, acepta o referido informe.

b) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo público do aparcadoiro situado na praza de Portugal (429-449)

Entrégase o informe da xefa do Servizo de Transportes do 15 de novembro de 2016 sobre valoración do sobre C e proposta de clasificación en cumprimento da resolución do Tribunal Central de Recursos Contractuales nº 85/2016 (recurso nº 860/2016 interposto por EMPARK APARCAMIENTOS Y SERVICIOS, SA contra o acordo de adxudicación). A Mesa, coa abstención de D^a. Catalina Alfayate Rodríguez, acepta o referido informe.

7.- Propostas de clasificación

a) Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de deseño e produción de catro carrozas para Cabalgata de Reis 2017 (6632-335)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento negociado para a contratación dos **Servizos de deseño e produción de catro carrozas para Cabalgata de Reis 2017 (6632-335)** na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1º	BIGLAB, SLU	82,57 puntos
2º	CA TOTALITY GROUP, SLU	77,00 puntos

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BIGLAB, SLU, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:44	Páxina 4 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AH43-E9BA52-2HBH8D-86DQJ8-NUK31X-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación da concesión de servizo público do aparcadoiro situado na praza de Portugal (429-449)

Á vista da resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuales nº 859/2016 do 21 de outubro de 2016 pola que se estima o recurso interposto por EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS, SA “*debendo anularse a adxudicación realizada e retrotraerse o procedemento para realizar o novo exame e valoración do sobre C*”, das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto para a contratación da **Concesión do servizo de aparcadoiro situado na praza de Portugal (429-449)** na seguinte orde descendente:

	Empresas	Puntuación total
1	EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS, SA	78,21
2	SABA APARCAMIENTOS, SA	76,68
3	INTERPARKING HISPANIA, SA	76,21
4	CONTINENTAL PARKING, SL	74,63
5	UTE EMSERCO, SOGESEL INGESER ATLANTICA	65,52

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EMPARK APARCAMIENTOS E SERVICIOS, SA, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 10 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:44	Páxina 5 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AH43-E9BA52-2HBH8D-86DQJ8-NUK31X-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.417,34 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

8.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, así coma a formación e acreditación do persoal para o seu uso (112-611)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que por acordo do 11 de novembro de 2016 se requiriu á empresa clasificada en primeiro lugar; CARYOSA, SL para que emendase a documentación presentada o 7 de novembro de 2016 polos seguintes motivos:

1. Non consta a póliza do seguro de responsabilidade civil, esixida na cláusula 21 e no apartado 14A do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación -PCAP-, que deberán presentar xunto co recibo de pagamento.
2. Non consta o certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias fronte á CCAA.
3. Deberán presentar o resguardo da garantía complementaria esixida na cláusula 22 e apartado 11B das FEC do PCAP por un importe do 2,83% do prezo de adxudicación do contrato sen IVE (792,40 euros).
4. O importe dos anuncios de licitación ascende a 861,40 euros, en lugar de 853,85 euros.

Con data do 16 de novembro de 2016 CARYOSA, SL presenta a documentación requirida na oficina de Correos (registro de entrada o día 18).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, así coma a formación e acreditación do persoal para o seu uso (112-611)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 22 de xullo de 2016 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do subministro



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:44	Páxina 6 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AH43-E9BA52-2HBH8D-86DQJ8-NUK31X-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, así coma a formación e acreditación do persoal para o seu uso.

Segundo.- Na sesión que tivo lugar o 21 de outubro de 2016 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 5 de outubro de 2016, das seguintes empresas:

1. *SERVITRONIX C. TORRES MORENO, SL: porque o obxecto deste contrato non está comprendido dentro do obxecto social da empresa, que segundo a súa declaración consiste en “reparación de aparatos de electromedicina, balanzas electrónicas y cajas registradoras”.*
2. *OSATU, S. COOP.: por exceder o prezo formulado na súa oferta do orzamento base de licitación (cláusula 13.4c do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe esta contratación).*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do Subministro de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, así coma a formación e acreditación do persoal para o seu uso (112-611) na seguinte orde descendente:

<i>Empresas</i>	<i>Puntuación</i>
<i>CARYOSA, SL</i>	<i>100,00</i>
<i>BIOMETRIC & SAFETI IBERICA, SL</i>	<i>77,74</i>
<i>ANEK S3, SL</i>	<i>66,62</i>

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARYOSA, SL, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
3. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.*
4. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:44	Páxina 7 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AH43-E9BA52-2HBH8D-86DQJ8-NUK31X-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 861,40 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CARYOSA HYGIENIC SOLUTIONS, SL, o día 25 de outubro de 2016, que presenta a documentación requirida o 7 novembro de 2016 nas oficinas de Correos (rexistro de entrada o 10 de novembro), dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 11 de novembro de 2016 revisou a documentación presentada e acordou, por unanimidade, requirir a CARYOSA HYGIENIC SOLUTIONS, SL para que no prazo de tres días hábiles emendase a referida documentación.

Durante o prazo concedido, o 16 de novembro de 2016, CARYOSA HYGIENIC SOLUTIONS, SL presenta a documentación requirida na oficina de Correos (rexistro de entrada o día 18).

Á vista do anterior, a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que conteña a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CARYOSA HYGIENIC SOLUTIONS, SL, de acordo co informe de valoración da proposición avaliable mediante fórmula do 13 de outubro de 2016, asinado polo xefe da Área de Investimentos.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:44	Páxina 8 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AH43-E9BA52-2HBH8D-86DQJ8-NUK31X-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CARYOSA HYGIENIC SOLUTIONS, SL o procedemento aberto para a contratación do subministro de desfibriladores semiautomáticos externos, para instalacións deportivas municipais dependentes da Concellería de Deportes do Concello de Vigo, así coma a formación e acreditación do persoal para o seu uso (112-611) coas seguintes condicións:

- *O prezo total do contrato é de 33.880,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.880,00 euros.*
- *O prazo de garantía é de 8 anos.*
- *Comprométese a que todos os equipos a subministrar cumpren coas normas nacionais e europeas de aplicación.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 13:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

AFL

Vigo, 21 de novembro de 2016

O presidente da Mesa de Contratación (David Regades Fernández)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/05/2024 09:44	Páxina 9 de 9
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AH43-E9BA52-2HBH8D-86DQJ8-NUK31X-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		